



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

**ANUNCIO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO RESULTADO DA VALORACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE XARDIÑEIRA/O PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/201, DO 28 DE DECEMBRO.**

EXPTE. 35/2022-SPL-EST, 2023/E001/000026.

O Tribunal nomeado para cualificar as probas do procedemento de selección indicado, **ACORDOU** o vinte e nove de outubro de 2024 o seguinte:

**«ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR DON NICANOR ENRIQUE ARUFE GARCÍA (NRE 4884 DE 28 DE OUTUBRO DE 2024)**

Nas alegacións presentadas, indícase textualmente o seguinte:

*“Aínda que co tempo dende a data 11/01/2001 ata o 06/09/2021 xa acado os 90 puntos. Sendo outro dos requisitos o informe da vida laboral, a miña experiencia profesional non mudou dende o 11/01/2001 ata hoxe. No informe da vida laboral con data 13/02/2024 no apartado de baixa non figura data ningunha, xa que sigo na mesma situación laboral dende o 11/01/2001”.  
“Solicito a revisión do informe da vida laboral”.*

En primeiro lugar, indicar que segundo a Base 8.6 das que rexen este procedemento de selección:

*“Os méritos alegados no apartado da experiencia profesional deberán ser acreditados mediante a seguinte documentación: Informe de vida laboral (...), Contrato de traballo ou (...) acta de toma de posesión, Certificación expedida pola ou polo responsable da entidade (...)”.*

O obxecto non é outro que o de acreditar os méritos alegados, dado que para a oportuna valoración dos mesmos, conforme ao establecido na Base 8.4.A, deberá acreditarse que **“(…) se desenvolveran tarefas ou funcións propias da praza que se convoca”.**

Neste sentido, o informe da vida laboral, por si só, non acredita mérito algún xa que del non poderían deducirse as funcións desempeñadas. Por este motivo se solicita a presentación dos tres documentos antes reseñados (a vida laboral, por si, non acredita as funcións desenvoltas).

Dito o anterior, se ben é certo que o señor Arufe García achega vida laboral na que, tal e como indica, queda acreditado que no apartado de baixa non figura data ningunha, a certificación dos servizos prestados expedida polo Secretario Xeral do Concello de Corvera de Asturias acredita que ten prestado servizos para a entidade local como oficial xardiñeiro dende o 01/11/2001 ata o 09/06/2021.

En segundo lugar, indicar que na acta da sesión n.º 2, de 22 de outubro de 2024, este Tribunal fai constar o seguinte:

*“(…)tendo en conta o número de procesos selectivos pendentes de resolución, o volume de documentación aportada por algunhas das persoas aspirantes e visto que segundo o establecido na base 8 das que rexen este procedemento a experiencia profesional valorarase cun máximo de 90 puntos e os cursos de formación cun máximo de 10 puntos, o Tribunal acorda por unanimidade que, para o caso de que algunha das persoas aspirantes acade a puntuación máxima nalgún dos apartados e reste documentación por valorar, esta última xa non será examinada.”*

Polo tanto, e tendo en conta todo o anteriormente exposto, e que non se causa prexuíxo algún ao interesado porque tal e como se fixo constar “acada a puntuación máxima”, **o Tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda desestimar a petición.»**



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

**RECURSOS:** O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advertíndose que se trata dun acto de trámite e como tal non procede a interposición de recursos contra o mesmo.

Non en tanto, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpor recurso de alzada e o posterior recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade e anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da citada Lei. O prazo para interpor recurso potestativo de reposición será dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes, desde a súa interposición (artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

A presidenta do Tribunal,

(documento asinado dixitalmente)